

HELENA VILLAR JANEIRO

HELENA VILLAR JANEIRO
BIBLIOTECA E EDLG
CPI DE SAN SADURNIÑO

Helena Villar Janeiro



Biografía

- Naceu en Becerreá en 1940.
- Estudou Maxisterio e Filosofía e Letras.
- Exerceu coma profesora de ensino primario e secundario.

Biografía

- Está casada co escritor Xosé Rábade Paredes.
- É nai do músico de jazz Abe Rábade e da poeta María do Cebreiro.

Biografía

- Foi presidenta da Fundación Rosalía de Castro dende 2005 até 2012.

AS PALABRAS DE HELENA

“Na miña formación, sobre todo no aspecto literario, foron decisivas as clases que recibín traballando con meus pais na xastrería ancaresa. Ademais de me abrir ó mundo e á lingua e cultura propias do meu país, naquela especie de ateneo descubrín a narración oral e coñecín os referentes de moitos personaxes que alimentan a miña obra. Esta preparación foi máis efectiva que a que recibín máis tarde, a adxectivada académica. “

Helena Villar Janeiro, “ Autobiografía” na BVG (Biblioteca Virtual Galega)

AS PALABRAS DE HELENA

“

Ser escritora éme un xeito de "ser" e de "estar" no mundo, de deixarme levar por impulsos e tensións que me colocan fronte a min mesma e fronte ó resto. Escribir diferénciame e fúndeme na estrema dun proceso osmótico, ás veces moi pouco comprensible, que conforma a unidade interior, que evita a fragmentación e que protexe do caos.”

Helena Villar Janeiro, “ Autobiografía” na BVG (Biblioteca Virtual Galega)

A poesía

- *Alalás, 1972*, edición da autora.
- *Rosalía no espello, 1985*, Patronato Rosalía de Castro.
- *Festa do corpo, 1994*, Deputación da Coruña.
- *Album de fotos, 1999*, Espiral Maior.
- *Nas hedras da clepsidra, 1999*, Edicións do Castro.
- *Pálpebra azul, 2003*, PEN Clube de Galicia.
- *Remontar o río, 2014*.

A poesía

“ A poesía axúdame a recobrar a emerxencia temporal do pozo escuro e frío que me precede e a presentir a continuidade do fluír que me sobrevivirá.

Sei das constantes que dinamizan a miña obra poética e me coutan cos seus límites: a saudade, tristeza permanente por algo perdido que nin sequera tiven; a morte, supremo momento de transformación do dinámico en estático e eterno; o amor, liberador e guía do entretanto; a terra e a paisaxe, parte aglutinadora de min mesma cara atrás e cara adiante; o mar, a redondez do gran tamaño e da envoltura.”

Helena Villar Janeiro, “ Autobiografía” na BVG (Biblioteca Virtual Galega)

A poesía



Narrativa

- *O enterro da galiña de Domitila*
Rois, 1991, Galaxia.
- *A tarde das maletas, 1992, Contos*
do Castromil.

Narrativa

“

Ser narradora permítete observar a vida dun xeito ricaz, o necesario para inventar mundos teus e poder camiñar neles polos vieiros da ironía e do humor, bastante contrapostos á unha realidade belixerante co sorriso. “

Helena Villar Janeiro, “ Autobiografía” na BVG (Biblioteca Virtual Galega)

Ensaio

- *Os equipos de normalización lingüística nos centros de ensino*, 1993, Xunta de Galicia.
- *Delas*, 1999, Toxosoutos.
- *Paseos literarios*, 2001, Xunta de Galicia.
- *Feminino plural*, 2003, El Correo Gallego.
- *O sabor da terra*, 2005, Galaxia.

Ensaio



LIX (Literatura infantil e xuvenil)

- *O día que choveu de noite*, 1985, Galaxia.
- *Viaxe a Illa Redonda*, 1987, Galaxia.
- *Vermiño*, 1988, Galaxia.
- *A cidade de Aldara*, 1989, Casals.
- *Ero e o capitán Creonte*, 1989, S. M.
- *Patapau*, 1989, Ir Indo.
- *A canción do Rei*, 1992, Galaxia.
- *Don Merlo con chaqueta*, 1993, Xerais.
- *Contos do paxaro azul*, 1994, Sotelo Blanco.
- *Novos contos para nenos*, 1994, Cítania.
- *A voda do papá*, 1994, Obradoiro.
- *A campá da lúa*, 1999, Xerais.
- *O avó de Pipa*, 2000, Bruño.
- *Belidadona*, 2003, Edelvives.
- *Na praia dos lagartos*, 2004, Edicións do Castro.
- *Raúl*, 2005, Galaxia.
- *Rosalía*, 2006, Fundación Rosalía de Castro. Biografía para nenas e nenos.
- *O souto do anano*, 2007, Obradoiro-Santillana.
- *Un rato na casa*, 2008, Galaxia.
- *O caderno de Edua*, 2010, Xestión Literaria Galega.
- *As señoras cousas*, 2014, Galaxia.

LIX

“Ter unha nena e un nenos que carecían dunha literatura de seu que os alimentase espirirtualmente como galegos, levounos a inventar cancións, contos e algún ensaíño para quen con agarimo formabamos no fogar. Aqueles escritos facíanse coa mesma naturalidade coa que lles dabamos de comer pan e compango. Moita desta literatura foi publicada e eu seguinlle dedicando parte da miña creación.”

Helena Villar Janeiro, “ Autobiografía” na BVG (Biblioteca Virtual Galega)

Obras con Xesús Rábade Paredes

- *Símbolos de Galicia. A bandeira, o escudo e o himno*, 1979, Patronato Rosalía de Castro. Edición corrixida no 2008 a cargo da Fundación Rosalía de Castro. Para nenos.
- *Lección conmemorativa sobre Rosalía de Castro*, 1980, Patronato Rosalía de Castro. Para nenos.
- *Morrer en Vilaquinte*, 1980, Universidade de Santiago de Compostela. Reeditado en 1992 pola Editorial Compostela. Narrativa.
- *O sangue na paisaxe*, 1980, Edicións do Cerne. Poesía.
- *No aló de nós*, 1981, Universidade de Santiago de Compostela. Poesía.
- *Viaxe e fin de don Frontán, de Rafael Dieste*, 1982, Edicións do Castro. Tradución.
- *Contos de nós e da xente*, 1983, S. M. Literatura infanto-xuvenil.
- *Cantan os nenos (O libro de María)*, 1984, Xunta de Galicia. Cancións para nenos.
- *Cabeleira de pedra*, 1993, Consorcio da Cidade de Santiago, con tradución multilingüe. Reeditado en 2004. Poesía.
- *Eduardo Blanco Amor con Auria ó fondo*, 1993, Xunta de Galicia.
- *Símbolos de Galicia*, con vídeo, 1993, Ophiusa.
- *Poemas, de Rosalía de Castro*, 2002, Fundación Rosalía de Castro. Tradución en antoloxía bilingüe.
- *Dona e Don*, 2004, Galaxia. Literatura infanto-xuvenil.
- *Follas Novas/Hojas Nuevas, de Rosalía de Castro*, 2004, Fundación Rosalía de Castro. Tradución en antoloxía bilingüe.
- *Versos a Compostela, de Rosalía de Castro*, 2008, Consorcio de Santiago/Alvarellos. Tradución.

Obra con Xesús Rábade Paredes

“

Case todo na miña vida sucedu tarde. Cheguei tamén serodia —tiña 26 anos— ó cultivo da lírica e no proceso de captación para a poesía tiveron moito que ver as lecturas que fixen mentres rexía escolas nas paixaxes idílicas de Os Ancares, e as amizades, sobre todo a do que sería o meu home e compañeiro de tantas cousas, Xesús Rábade Paredes.”

Helena Villar Janeiro, “ Autobiografía” na BVG (Biblioteca Virtual Galega)

Poemas de Helena

O CASTELO DA CHUVIA

A chuvia está escondida
nun castelo encantado
que fixeron as nubes
alto, moi alto.

A chuvia ten a auga
gardada en tinas
redondas, pequerrechas
igual que pingas.

Cando lle peta,
ponse a tiralas todas
desde as ameas.

Helena Villar Janeiro, *As señoras cousas*

Poemas de Helena: *Remontar o río*

O camiño

Es poeta e camiñas polo gume dos versos
ao manancial do pozo
onde saciares sedes
que a palabra anticipa,
onde vive esa voz que nace en fronde escura
e cos seus ecos graves te persegue
e abisma.

As ribeiras non quererán perderte
e finxirán sereas que che cantan
para impedir que subas
por un río xa azul,
ceo diúrno espellado
que se parece á infancia.

Pero se teimas lograrás seguir
ata atoparte e descender tranquila
parándote en sereas e narcisos
se é que aínda te chaman desde a beira.

Porque xa saberás que te traes dentro
desandando o camiño.

Helena Villar Janeiro, *Remontar o río*

Remontar o río

- *Remontar o río* é un poemario publicado nun formato dunha soa peza de doce metros de longo e despregable.
- O poemario tivo a súa xénese nunha viaxe polo Danubio.

Remontar o río

“

Remontar o río é un poemario naonato, pois a motivación e os primeiros apuntes xorden abordo mentres a poeta subía o Danubio desde Budapest a Linz. O feito de que o barco fose contra a corrente suscítalle a poeta a idea de remontar o propio río contra o tempo, volver deste o seu outono á primavera, onde a estarán agardando o vals e a rosa. No texto veranse reflectidos elementos da paisaxe exterior que transita: o propio río, os mosteiros e as campás que chaman, o castelo de Dürnstein, os vales de Wachau, o palacio Schönbrunn.”

En: <http://remontarorio.com/>

Remontar o río

*Non era a tarde
que o paxaro e a rosa
borran o tempo.*

Helena Villar Janeiro, *Remontar
o río*

Para saber máis

- Wikipedia:

http://gl.wikipedia.org/wiki/Helena_Villar_Janeiro

- BVG (Biblioteca Virtual Galega):

http://www.bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=helvilla&alias=Helena+Villar+Janeiro&solapa=biografia

- Blogue *Caderno da crítica*:

<http://cadernodacritica.blogaliza.org/remontar-o-rio-de-helena-villar-janeiro/>

- Ficha da escritora na AELG:

<http://www.aelg.org/Centrodoc/GetAuthorById.do?id=autor343>

Fin